

A riqueza xeolóxica de Galicia ben vale unha materia

M^a. Mercedes R. Ruibal

Catedrática de Bioloxía e Xeoloxía (IES n.º1 de Ribeira) - Coordinadora Galega da AEPECT

merce.r.ruibal@edu.xunta.es

Galicia posúe un rico e pouco coñecido patrimonio xeolóxico, como recentemente están a reflectir diferentes medios de comunicación. Este acervo autóctono, de gran beleza e interese científico, é froito da historia dunha terra formada ao longo de millóns de anos, o que lle confire un importante valor como recurso natural, paisaxístico e económico.

O pregamento do Courel, as singulares e antigas rochas de cabo Ortegal, os cantís de Vixía Herbeira, ou as formacións graníticas do Monte Pindo, chaman a atención e son obxecto de estudo e visita por parte de científicos do mundo enteiro. Por outra banda, a nosa Comunidade posúe unha enorme variedade de rochas e minerais, a miúdo de interese económico e industrial, e dispón de materia prima de elevada calidade para a industria cerámica. A explotación das augas subterráneas, o aproveitamento recreativo-medicinal das augas termais, e o uso da enerxía xeotérmica e outras fontes renovables, teñen cada vez maior proxección de futuro e merecen ser coñecidos e gozados por todos os cidadáns galegos. Dito isto, parece obvio que o noso medio debe ser unha cuestión de estudo e investigación polos presentes e futuros científicos e científicas dedicados ás ciencias xeolóxicas.

Galicia precisa dunha planificación e dun ordenamento do territorio baseados na sustentabilidade dunha agricultura, gandería e explotación forestal e mariña rendibles, á vez que conservacionistas; dun aproveitamento axeitado e eficaz dos recursos enerxéticos naturais, e dun desenvolvemento económico que non colida co coitado do medio. Nesta liña, a realización de rigorosos estudos de impacto ambiental e a busca de solución a moitos problemas presentes no país, necesitan profesionais da xeoloxía e a colaboración doutras disciplinas. Nun mundo globalizado e complexo, a maioría dos proxectos deben ser necesariamente abordados por equipos multidisciplinares, e no relativo ao medio case sempre teñen como base de partida a xeoloxía.

Os proxectos relacionados co medio case sempre parten da xeoloxía

O rico patrimonio paleontolóxico, aínda non investigado dabondo, pode desaparecer antes de ser estudado completamente. Por outra banda, os numerosos indicios xeolóxicos son moi útiles para que os estudosos analicen os cambios climáticos do pasado e comprendan mellor o presente. Galicia presenta un moderado perigo de padecer fenómenos naturais de orixe xeolóxica (sísmicos e outros), polo que profundar nos estudos do noso subsolo é imprescindible á hora de previr e adoptar medidas correctoras.

Os galegos temos a honra de contar con xeólogos de renome mun-

dial, como D. Isidro Parga Pondal, cuxa contribución ao coñecemento científico do noso país merece o maior recoñecemento. Así mesmo, posúe unha magnífica e singular colección de xeoloxía no Museo de Historia Natural Luís Iglesias da Universidade de Santiago de Compostela.

Na outra cara da moeda atópase a formación académica dos estudantes galegos. Temos tres universidades, pero ningunha dispón de Facultade de Xeoloxía, nin de Ciencias Ambientais. Esta tan só existe na modalidade a distancia da UNED de Pontevedra. A partir deste momento tampouco os alumnos de bacharelato estudarán Xeoloxía, porque no Ano Internacional do Planeta Terra (2008), elimínase da listaxe de materias optativas no 2º. curso de bacharelato, cando no vixente ata agora e no antigo COU, era unha das optativas que o alumnado da modalidade de Ciencias podía cursar. Na última reforma mantéñense todas as materias e engádense algunhas novas que benvidas sexan, pero suprímese, sen máis, a Xeoloxía.

Sinceramente, penso que habería que reconsiderar a situación e incluila como unha materia optativa máis no currículo do bacharelato. Trátase, simplemente, de que os alumnos e as alumnas que o desexen, poidan estudala. Non me cabe a menor dúbida de que a formación científica deste país saíría gañando.